



O xeito máis divertido de aprender Educación Vial. Dita actividade consistiu nunha clase teórica na cal se explican os conceptos básicos de circulación e unha parte práctica na que os alumnos aplican o aprendido nun circuito de karts. A actividade desenvolveuse en Salgueiriños en Santiago mércores 17/10/2007. Asistíu o alumnado de 5º curso.

OS KARTS

Un día pola mañá os nenos de 5º fomos de excursión. Os de 5ªA marchamos a primeira hora ca profesora Inés nun autobús escolar. Fomos a un circuito de Cars en Salgueiriños, chegamos nun cuarto de hora; eu pensaba que ía ser máis cerca. Baixamos do autobús e fomos a un remolque por orde de lista. No remolque os monitores explicáronnos como tiñamos que conducir e as regras que tiñamos que respetar. Déronnos uns gorros para poñer debaixo dos cascos. Subimos aos coches por orde de lista, a min tocoume co terceiro grupo, porque entramos de cinco en cinco. A miña profesora, Inés, estaba un pouco preocupada porque corriamos moito. No circuito había que seguir uns sinais e tamén facerlle caso aos monitores que facían de policías. Eu fun un bó conductor, porque seguí todas as normas, excepto algunhas. Unha rapaza da miña clase tivo un pequeno accidente, menos mal que se non se fixo dano. Paseino moi ben, sobre todo porque gustábame moito acelerar.



BRAIS CALVO SILVA
5ªA

“GOLULÁ”

Había unha vez un país que se chamaba Golulá. Só tiña unha nube, e a xente tiña medo de perdela. Por iso estaba vixiada por Bunkaa, un gorila enorme cun enorme corazón, e pola súa amiga Lara, unha nena aventureira e riseira. Pero un día, o malvado Doutor Terrier rouba a única nube de Golulá, e os ríos secan, a risa deixa de ser ouvida, os meniños teñen sede... Así que Lara e Bunkaa comezan a buscar a nube, nunha viaxe chea de emocións e perigos, para salvaren o seu país.

Golulá mestura teatro de actor, monicreques de diversos tamaños, luz negra e teatro de obxectos... A montaxe, ademais de estimular a imaxinación e a creatividade dos máis cativos, serve para educar en valores cívicos, familiares e sociais, como o respecto ás diferenzas, a tolerancia ou como afrontar os medos. Ademais, incentiva hábitos como a curiosidade polo teatro, o sentido do ritmo e a musicalidade, e o gusto pola lectura e a escrita.

CONDUCIMOS COCHES!

O día 16 de outubro do 2007 fomos a Salgueiriños á Caravana MAPFRE de Seguridade Vial. Primeiro fomos dentro da caravana, onde nos explicaron cousas como:

- Non tirar cousas pola ventá.
- Non escoitar música cando vas en bici.
- Non ir no asento de diante se non eres maior de doce anos.

- Cando vas en moto, poñer o casco.


Despois saímos e puxémonos uns gorros.

Primeiro foron a circular cos coches os cinco primeiros da lista, despois os números seis, sete, oito, nove e dez da lista ...

Cando me tocou montar púxenme moi nervosa. Tiñamos que respetar os sinais de tráfico e como tiñamos cinco puntos, se nos quitaban todos quedábamnos eliminados. Ao final todo saíu ben. A mín non me quitaron ningún punto. Despois déronlle á profe uns diplomas para repartilos entre os nenos/as da nosa clase.



ANA BASANTE GARCIA
5ªA



LUCIA CASALEIRO
1ªA